

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O COLEXIO PROFESIONAL DE LOGOPEDAS DE GALICIA (CPLGA)

En Santiago de Compostela.

REUNIDOS

Dunha parte, Don **ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e do establecido no Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (en diante Consellería), e

Da outra, Dona **ANA ISABEL VÁZQUEZ LOJO**, con DNI 32.791.068-Z, en calidade de presidenta do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA), elixida para este cargo na asemblea do 22 de xaneiro de 2021, con CIF Q-1500335C, con domicilio social Plaza de Portugal nº 9, baixo, CP 15011 A Coruña; e inscrita no Rexistro de Colexios Profesionais e de Consellos Galegos de Colexios Profesionais co nº 27 da sección segunda, segundo o Decreto 37/2009, do 5 de febreiro, polo que se aproban os estatutos do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.



MANIFESTAN

Primeiro. Que con data 24 de setembro de 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA) para beneficiar con esta colaboración ao alumnado con trastornos da comunicación ou deglución que recibe apoio do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA), de todas as etapas e niveis regulados pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, escolarizado nos centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, así como ao profesorado e ás familias do dito alumnado.

Segundo. Que nas cláusulas terceira e cuarta do citado convenio establécense os compromisos que asumen cada unha das entidades.

Terceiro. Que na cláusula décimo segunda establécese que estará en vigor ata o 31 de agosto de 2022, podendo ser prorrogado por cursos académicos sucesivos, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. Tamén permite que o seu contido sexa modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.

Cuarto. Que os membros da Comisión constituída para o seguimento do convenio, regulada na cláusula sétima, propoñen de forma unánime, a súa prórroga para os cursos 2022-2023, 2023-2024 e 2024-2025, mediante a correspondente addenda.

Por todo o anterior,

ACORDAN

Modificar o Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia e o Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA).



CLÁUSULAS

Primeira. Modifícase o contido da cláusula décimo primeira quedando da seguinte forma: *"Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, e durará ata finais do curso académico 2024-2025, isto é o día 31 de agosto de 2025, podendo ser prorrogado expresamente, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cunha notificación á outra de dous meses de antelación. O seu contido poderá ser modificado, por mutuo acordo das partes, mediante a subscripción do oportuno acordo de modificación.*

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a vixencia máxima do convenio non poderá superar 4 anos".

Segunda. En todo o demais, mantense o contido do resto de cláusulas do convenio asinado o 24 de setembro de 2021.

E, en proba de conformidade, asínase a presente addenda no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E
UNIVERSIDADES,
O CONSELLEIRO,**

**POLO COLEXIO PROFESIONAL DE
LOGOPEDAS DE GALICIA
(CPLGA),
A PRESIDENTA,**

Román Rodríguez González

Ana Isabel Vázquez Lojo

